



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 5 de setembro de 2016

HORA DE COMEZO: 19:10 h.

HORA DE REMATE: 19:41 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 16 E 22 DE AGOSTO. DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 16 e 22 de agosto de 2016

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2º.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:



NOME	LUGAR INSTALACIÓN
M.M.O.	<p>Avda. de Ourense nº 76.</p> <p>Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 290, concedido por Resolución no ano 1999, constando a data de retirada da placa o día 09.07.1999 por M.M.O. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.</p> <p>Así mesmo consta no expediente unha dirección errónea polo que se procederá á subsanación do erro pola dirección correcta que é Avda. de Ourense nº 76</p> <p>En consecuencia procederáse á posta ao día dos recibos de pagamento que se emitirán á nova dirección.</p>

B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA AVDA. DE LUGO.

Examinada a solicitude presentada por J.L.P.R., con enderezo na Avda. de Lugo, nº 46, na que solicita o pintado de liña discontínua para poder acceder ao seu garaxe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, comunicarlle que a citada vía é de competencia de Deputación Provincial de Pontevedra, polo que terá que solicitalo a ese organismo.

C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/ SINALIZACIÓN NA RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ: CARGA E DESCARGA, MOTOS E PARADA DE TAXI

Examinada o informe da Policía Local do día 23.08.16, relativo á sinalización na rúa Méndez Núñez, que di:

“ASUNTO: SINALIZACIÓN RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ: CARGA E DESCARGA, MOTOS E PARADA DE TAXI.

O departamento de sinalización da Policía Local de Cangas, por medio do presente, Informa:



Concello de Cangas

Que co motivo de reordenar e organizar o tráfico na rúa Méndez Núñez, considerase necesario distribuír o espazo desde o edificio do Centro Social ata a entrada da praza das pontes do seguinte xeito:

- unha zona destinada para Carga e descarga, para dar servizo aos comercios e establecementos do lugar.
- unha zona destinada para o estacionamento de motos e cilomoterres, para compensar a zona eliminada da rúa Cuba.
- unha zona destinada para a Parada de Taxi, repintado horizontal e sinalización vertical.

Achégase croquis descritivo coa sinalización horizontal e vertical.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito anteriormente.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.



Concello de Cangas

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 2 6.017.- A J.M.R.P., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Galicia, 79 -5º Esquerda - Monforte, para en Vilanova – O Hío, realizar



Concello de Cangas

muros de peche e contención de terras e urbanización interior de parcela (referencia caststral 36008A006002590000JA), de conformidade co proxecto básico da arquitecta M.T.F.I., de xuño de 2016.

EXPEDIENTE.-2 4 5 3 6 - LICENCIA - 2 3 5 4 2 - A IMPERNOSA, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co previsto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.957.- A S.P.S., para muro de peche en San Pedro- Darbo.

EXPEDIENTE Nº 2 6. 0 2 5 . - A J.M.M.V., para cambio de tella en vivenda, no lugar de Outeiro - Balea, nº 9 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.038.- A J.B.E.L., para acondicionamento de local destinado a elaboración e venda de comida para levar, no lugar de estrada a Bueu, Vilariño - O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.040.- A A.M.S., para realizar obras de reparación de fachada en vivenda existente, no lugar de rúa San Xosé, 10.

EXPEDIENTE Nº 26. 041.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SAN XOSÉ, I, para realizar obras de limpeza e pintado de fachadas no lugar de avda. de Lugo, 20.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5º.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 18/2015-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 18.08.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 18/2015-S, que é como segue:

" EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 18/2015/S

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de febreiro do 2016, resulta que:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Por parte de Cándido Santomé Chapela, e segundo consta no expediente de restauración da legalidade urbanística 18/2015, efectuáronse no lugar de A Pórtela, obras consistentes en realizar a base de aportación de terras, un cambio de rasante natural de ata 4 metros, sendo a construción de carácter ilegalizable.

O expediente de restauración da legalidade 18/2015 archivouse por Resolución de Alcaldía de data 27.01.2016, ao considerar restaurada a legalidade urbanística.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos ou información que considere oportunas o interesado, con data 18 de febreiro e 4 de abril do 2016, rexistro de entrada nº 1976 e 4004, Cándido Santomé Chapela, presenta escrito de alegacións nos que manifesta que:

Que se archive o expediente e se considere a infracción como leve. Comunica que se retiraron as terras e foi recuperado o estado orixinal da rasante,. Que as obras se realizaron no menor tempo posible e pro causas de forza maior, seguindo as instrución dos representantes municipais

Esta alegación debe ser desestimada, visto o informe do arquitecto municipal de data 18 de agosto do 2016, no que sinala que de conformidade co establecido no artigo 158.3 da Lei 2/2016, as obras obxecto do presente expediente están tipificadas como graves

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras sen licenza para iso, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada.

CUARTO,- Que C.S.C., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a imponer na súa contía 6001 euros. Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no ar. 19.2 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do tramite de audiencia silanado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Impoñer a C.S.C., na súa calidade de promotor unha sanción urbanística de 600,1 euros, (Seiscentos euros con dez céntimos) pola infracción cometida no lugar de A Pórtela, consistente en realizar a base de aportación de terras, un cambio de rasante natural de ata aproximadamente 4 metros, logo de aplicar a redución establecida legalmente por ter restaurada a legalidade

Advírtese ó interesado que as sancións impostas ó abeiro da Lei 2/2016 reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de periodo voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo. A posterior acción de impugnación implicará a perda da referida redución."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 18/2015-S.

FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6º.A) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
R.P.C.	FIANZA	300,00€	DESFAVORABLE da xefa do servizo de urbanismo

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7º.A) DACIÓN DE CONTA DA PO 4130/2015-SENTENZA DICTADA POLO tsxg CON/AD SEC.2.

Dáse conta de sentenza nº 289/2016 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, CON/AD SEC 2.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 289/2016 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

7º.B) DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POR P.P.P

Dáse conta do escrito presentado por P.P.P o día 25.08.16, que di:

"P.P.P., maior de idade, e enderezo na Rúa David Cal, nº 15, 1º B de Vilariño (36945) en Cangas, ante este Concello comparezo, e como en dereito mellor proceda,
EXPOÑO

Que por medio deste escrito veño a presentar SOLICITUDE DE PAGO DE CANTIDADES 'EN CONCEPTO DE DIFERENZAS SALARIAIS RECOÑECIDAS EN SENTENZA; solicitude que baseo ñas seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA- Con data 04.10.2014 presentei ante este Concello reclamación previa á vía xudicial laboral, sobre revisión das retribucións complementarias asignadas ao meu posto de trabado (Técnico de Administración Xeral, grupo I, CD 20).

A dita reclamación foi desestimada por silencio administrativo, polo que en data 4.11.2014 interpuxen demanda ante os Xulgados do Social da cidade de Vigo, que deu lugar a incoación do Procedemento Ordinario nº 1067/2014 tramitado polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo.

O referido procedemento concluíu mediante sentenza nº 602/2015 de data 31/07/2015 pola que se estima parcialmente a demanda formulada por esta parte, e en consecuencia se declara que a traballadora que subscribe ten dereito a percibir un complemento de destino do Nivel 26 e o Complemento Específico e de Produtividade que se lles recoñece ao Educador Familiar e Psicólogo do CIM, condenando ao Concello a aboarme o meu salario consonte á anterior declaración.

A referida sentenza foi confirmada integramente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante sentenza ditada o día 28/06/2016 no recurso de suplicación nº 4575/2015.



Concello de Cangas

SEGUNDA-. O Concello de Cangas procedeu a recoñecerme ás retribucións recollidas no fallo xudicial con efectos do 01/01/2016, incluíndo na miña nómina tales cantidades dende esa mesma data.

TERCEIRA. Sendo firme a referida sentenza de recoñecemento de retribucións, procede que por parte do Concello condenado, se abone a esta parte as diferenzas salariais correspondentes ás retribucións estimadas na referida resolución xudicial, consonte ás cantidades que a continuación se expoñen (recollidas no Catálogo de Postos de Traballo deste Concello):

CD20 Pagado	CD26 Recoñecido	CE Pagado	CE Recoñecido	CP Pagado	CP Recoñecido
439,70 €	698,20 €	201,15 €	208,12 €	173,72 €	215,40 €

Deste xeito, tendo en contas a diferenza entre as cantidades efectivamente pagadas e as que se recoñeceron na resolución xudicial dende o ano inmediatamente anterior á interposición da reclamación previa (artigo 59 do RDL 2/2015 do Estatuto dos Traballadores) e engadindo os correspondentes xuros devengados ata a data de presentación da solicitude que nos ocupa (artigo 29.3 do RDL 2/2015 do Estatuto dos Traballadores, STS 17/06/2014), obtemos como resultado que o Concello de Cangas debe aboar a esta parte a **cantidade total de 10.602,11 Euros** segundo o seguinte desglose:

1º. PRINCIPAL 9.638,28 euros
-. Diferenzas salariais dende 03/10/2013 ata 31/12/2013 1.034,72 €
-. Diferenzas salariais dende 01/01/2014 ata 31/12/2014 4.301,78 €
-. Diferenzas salariais dende 01/01/2015 ata 31/12/2015 4.301,78 €

2º. XUROS (10%) 963,83 euros

Polo exposto,

SOLICITO: Que tendo por presentado este escrito, sírvase admitilo e no seu oportuno mérito teña por interposta solicitude de abono da cantidade de 10.602,11 euros en concepto de diferenzas salariais (principal e xuros) e na súa virtude, con estimación da mesma, dite no seu día resolución pola que se declare o dereito da reclamante a percibir a citada cantidade e se proceda ao efectivo pagamento da mesma."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do presente escrito

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE



Concello de Cangas

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

8º.A.1) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 31.08.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

Concederlle a Don: J.M.R.C.E., co nº de expediente nº 36008/02/002670-PO/0009915 o servizo de Axuda a domicilio a través da quenda de dependencia por libre concorrência e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- *Atención de carácter educativo e psico-social.*

Custo do servizo: 551,77 €/mes

Achega económica da persoa usuaria: (segundo capacidade económica: 116,56 €/mes.

Número de horas: 45 horas.

Data prevista de alta no SAF: setembro de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.A.2) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR



Concello de Cangas

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 31.08.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

Concederlle a Dona C.M.C., co nº de expediente nº 36008/02/002165 o servizo de Axuda a domicilio a través da quenda de dependencia por libre concorrência e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- Atención de carácter educativo e psico-social.*

Custo do servizo: 858,31 €/mes

Achega económica da persoa usuaria: (segundo capacidade económica: 232,16 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de alta no SAF: setembro de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.A.3) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

*** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a J.O.P., co expediente nº 36008/01/003104-52329 a través da quenda de dependencia e de acordo Aos seguintes detalles:**



Concello de Cangas

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psico-social.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 10 horas.

Custo do servizo: 122,60 € (12,26 €/ hora)).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 429,22 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 0,00€/mes

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/ mes.

Data prevista de alta no SAF: 01 de setembro de 2016”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.A.4) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

*** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a dona M.L.V.L., co expediente nº 36008/01/002999-47535 a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:**

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psico-social.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 70 horas.

Custo do servizo: 858,20 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 1000,18 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 2,66€/hora



Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: 186,03 €/ mes.
Data prevista de alta no SAF: 01 de setembro de 2016"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.A.5) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

*** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a Dona I.A. co expediente nº 36008/01/002041-53261 a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:**

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psico-social.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 30 horas.
Custo do servizo: 367,80 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 429,22 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 0,00 €/hora

Achega económica da persoa usuaria: 00,00 €/ mes.
Data prevista de alta no SAF: 01 de setembro de 2016"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.A.6) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos



Concello de Cangas

servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

*** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a dona M.J.F.M. co expediente nº 36008/01/003052-50869 a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:**

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psico-social.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 20 horas.

Custo do servizo: 245,20 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 738,18 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 2,05 €/hora

Achega económica da persoa usuaria: 40,97 €/ mes.

Data prevista de alta no SAF: 01 de setembro de 2016"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.A.7) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

*** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a dona A.G.P. co expediente nº 36008/01/003168-53253 a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:**

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psico-social.*
- *Atencións de carácter doméstico.*



Concello de Cangas

Número de horas mensuais: 70 horas.

Custo do servizo: 858,20 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 756,79 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 1,95 €/hora

Achega económica da persoa usuaria: 136,45 €/ mes.

Data prevista de alta no SAF: 01 de setembro de 2016"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

8º.A.8) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

*** Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a dona A.C.B. co expediente nº 36008/01/002699-49616 a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:**

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psico-social.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 20 horas.

Custo do servizo: 245,20 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 478,21 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 0,00 €/hora

Achega económica da persoa usuaria: 00,00 €/ mes.

Data prevista de alta no SAF: 01 de setembro de 2016"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.



Concello de Cangas

8º.B.1) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE BAIXA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

